


D.- A PRODUCCIÓN PESQUEIRA MARÍTIMA

- O **destino** principal da pesca é o consumo humano, en fresco (case o 35% en 2014), ou en distintas formas de transformación industrial: conservas, conxelado, salgadura, afumado, pratos precociñados... As capturas destinadas a outros usos producen aceites e fariñas a partir de refugallos e peixes en mal estado.
- As **rexións pesqueiras** máis importantes polas súas capturas e valor da pesca son, en primeiro lugar, a galega, seguida das outras rexións atlánticas. As principais capturas pesqueiras nos caladoiros alleos proceden do Atlántico, seguido a considerable distancia dos caladoiros do Índico e do Pacífico.
- As **especies capturadas** son maioritariamente peixes (80%), o resto son moluscos e crustáceos. Destacan a pescada, anchoa, atún, bonito e sardiña.





- A **pesca desembarcada** medrou moito ata a segunda metade da década dos 70, pero desde entón descendeu progresivamente.

- Medra debido ao aumento da demanda de peixe grazas á mellora no nivel de vida, o baixo prezo do combustible, o libre acceso aos caladoiros internacionais, o crecemento da frota pesqueira...



- Descenso progresivo tras o encarecemento do petróleo desde mediados dos 70, o esgotamento dos caladoiros nacionais, a implantación das Zonas Económicas Exclusivas de Pesca en 1982, os recortes e cotas impostos pola UE, a contaminación das augas...

Producción pesqueira en 2007




- Desde finais da década dos 70, a poboación ocupada na pesca e o número de buques de pesca descenderon de forma considerable. A pesar diso, España segue a ser unha potencia pesqueira polo seu volume de capturas.





E.- A CRISE DA PESCA

Os principais indicadores da crise son:

- **O descenso da poboación ocupada na pesca** (0,25% no ano 2007, 0,19% no 2014), do **volumen de pesca desembarcada** e do **número de embarcacións** dedicados á actividade (+de 12000 buques en 2007, qlgo más de 9600 en 2014).
- **A diminución da súa contribución ao PIB**, (inferior ao 1% no ano 2006, 0,1% en 2014). Pero hai que ter en conta que a pesca exerce un efecto multiplicador sobre outras actividades, como os estaleiros, fábricas de conserva, instrumental (industrias de cordaxe e artes mariñeiras), xeo, transportes...



• **O comercio exterior pesquero é moi deficitario** pola necesidade de importar grandes cantidades de peixe para o consumo e o incremento das compras de produtos preparados e conservas.



La dependencia del pescado extranjero aumentó un 14% durante la última década

Dos de cada tres peces consumidos en España son importados, un dato que los ecologistas vinculan a la pésima gestión de los caladeros.

Lne.es- Avilés, 11 de mayo de 2011


A pesca española padece graves problemas que tratan de solucionarse mediante unha política pesqueira, na que interveñen tres administracións:

- A **Unión Europea** formula as directrices xerais para chegar aos obxectivos de competitividade e sostibilidade. Para alcanzalas, concede axudas a través do FEMP (Fondo Europeo Marítimo e de Pesca).



Comparación de los subsidios que ha recibido España con el resto de los países miembros de la UE desde 2000 hasta 2006


% de subsidios en la UE (2000-2006)



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)**

- O **Estado español** ten competencias exclusivas na frota e elabora a planificación xeral e o programa Operativo do FEMP para obter os fondos europeos.
- As **Comunidades Autónomas** teñen competencias nas súas augas costeiras, denominadas “augas interiores” e no marisqueo e nos cultivos mariños (acuicultura).



O FROM, *Fondo de Regulación e Organización do Mercado dos Produtos da Pesca e Cultivos Mariños*, é un organismo dependente do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño que promociona o consumo de produtos pesqueiros.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

1.- O problema dos caladoiros

A pesca realízase en caladoiros nacionais, comunitarios e internacionais. O problema para pescar neles provocan un insuficiente abastecemento de peixe, que esixe realizar custosas importacións.

- O **caladoiro nacional** ofrece poucos recursos (o medio natural é pouco favorable: plataforma continental estreita, falta de corrientes mariñas frías..., as augas atlánticas reúnen mellores condicións que as mediterráneas) ademais eses recursos están sobreexplotados e a contaminación tamén contribúe á súa diminución. Como solución, lévase a cabo unha política de recuperación integral dos recursos.



- Os **caladoiros comunitarios** manteñen unha área exclusiva para cada país ata as 12 millas e están sometidos a un sistema de cotas, fixadas plurianualmente, para asegurar a sostibilidade das capturas. A UE, de acordo cos científicos, reparte os recursos pesqueiros entre os membros en función da súa capacidade de pesca. E cada Estado distribúeos mediante concesións entre os propietarios de barcos de máis de 12 m.

Principales modificaciones de las cuotas para España en 2008

Especie	Zona	Cuota (ton.)	Cambios 2007
Jurel	Atlántico norte	16.631	+25%
Merluza	Cant. y G. de Cádiz	4.510	+15%
Jurel	Gal. sur y G. de Cádiz	31.069	+5%
Merluza	Atlántico norte	8.926	+2,5%
Merluza	Golfo de Vizcaya	6.214	+2,5%
Bacaladilla	Zona 1x14	22.714	-37%
Bacaladilla	Cant. y G. de Cádiz	25.686	-32%
Atún blanco*	Atlántico	16.961	-26,2%
Caballa	Cantábrico	22.256	-8,8%
Cigala	Cantábrico norte	119	-5%
Cigala	Caladero nacional	104	-5%

Fuente: EFE

* Al norte

elmundo.es


Prefiren pagar a ter que devolver parte da súa cota de xurel.

Os barcos do cerco galegos proporán ao Ministerio de Agricultura que solicite en Bruxelas cubrir con diñeiro a sobrepesca do xurel do 2011, no lugar de ter que devolver as 12000 toneladas da cota deste ano por ter sobrepasado nun 40% o cupo concedido no Cantábrico Noroeste, que rondaba as 30000 toneladas.

Reelaborado, La Voz de Galicia, 2 de maio de 2012



• Os **caladoiros internacionais** teñen restricións de pesca. O acceso aos caladoiros internacionais está regulado: desde 1982 a ONU sancionou as Zonas Económicas Exclusivas –ZEE-, considerando que son augas nacionais de cada país as que van desde a liña de costa ata as 200 millas ao interior. Ademais a regulación da pesca en alta mar realízase mediante Organizacións Rexionais de Pesca (ORP), que establecen recomendacións de pesca de obrigatorio cumprimento para os seus membros.



Polo tanto, a pesca nestas augas internacionais depende de acordos con terceiros países ou coas ORP que son subscritos pola UE e que permiten faenar aos barcos españois no Índico, Atlántico Centro-leste e Sueste, Pacífico, etc... Ditos acordos supoñen por exemplo: o “traspaso” de tecnoloxía e formación, axudas financeiras para o desenvolvemento do sector pesqueiro, as infraestruturas portuarias, ... creación de empresas mixtas... Para mellorar a súa situación nestes caladoiros, España promove na UE, a continuidade dos acordos subscritos, a firma doutros novos que incrementen as súas posibilidades de pesca e a defensa dos intereses comunitarios nas ORP.

Empresas pesqueiras mixtas

Asociación de empresarios pesqueiros de distintos países: un achega o barco e o outro cédelle a súa licenza pesqueira a cambio dalgunhas concesións, como desembarcar e comercializar determinada cantidade de pesca no seu país, empregar certa porcentaxe de traballadores autóctonos...



Organizacións rexionais de pesca (ORP)

Son organizacións internacionais de países que teñen intereses pesqueiros nunha zona determinada. Algunhas xestionan todas as poboacións de peixes que se atopan nunha zona concreta e outras teñen por obxecto especies altamente migratorias, especialmente túnidos, en extensións xeográficas máis amplas.

ORP que xestionan especies altamente migratorias, principalmente túnidos:


CCSBT - Comisión para a Conservación do Atún do Sur

ICCAT - Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (CICAA)

IATTC - Comisión Interamericana do Atún Tropical (CIAT)

WCPFC - Comisión de Pesca do Pacífico Occidental e Central

IOTC - Comisión do Atún para o Océano Índico (CAOI)



ORP que xestionan poboaciónes por zonas xeográficas:

NEAFC - Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste (CPANE)

NAFO - Organización de la Pesca do Atlántico Noroccidental

NASCO - Organización para a Conservación do Salmón do Atlántico Norte

SEAFO - Organización da Pesca do Atlántico Suroriental


SIOFA - Acuerdo de Pesca para o Océano Índico Meridional

SPRFMO - Organización Rexional de Ordenación Pesqueira do Pacífico Sur

CCAMLR - Convenio para a Conservación dos Recursos Vivos Mariños Antárticos

GFCM - Comisión Xeral de Pesca para o Mediterráneo (CGPM)

CCBSP - Convención sobre a Conservación e Ordenación das Poboaciónes de Abadexo na Rexión Central do Mar de Bering




ESPAÑA ESPERA AVANZAR ESTA SEMANA NO ACORDO PESQUEIRO CON MARROCOS

O Ministro de Agricultura, Medio ambiente e Alimentación, Miguel Arias Cañete, confía en que sexa posible avanzar esta semana nas negociaicóns, polo menos *“chegar a pechar as condicións técnicas do pacto, pois o acordo sobre as compensacións financeiras poden dar máis problemas”*.

O cese do pacto co país magrebí en decembro do 2011 obrigou a volver a porto a máis de 70 barcos andaluces e canarios, aos que o Goberno español compensou con axudas económicas durante un ano, pero esas compensacións xa remataron.

Reelaborado, ABC.es ESPAÑA, 28 - 1 - 2013



Mauritania rompe a negociación do novo acordo pesqueiro.

España reclama á UE 30 millóns para a frota que faena en Marrocos.

As cousas se complican cada vez máis para as empresas españolas con intereses nos caladoiros magrebís. Á expulsión dos buques andaluces e canarios que faenan nas augas do Sáhara baixo control de Marrocos, despois do veto do Parlamento Europeo á prórroga do acordo pesqueiro con ese país, que expira en febreiro de 2012, sumouse onte a ruptura das negociacións para a renovación do pacto con Mauritania.

...

Segundo informa Efe, as negociacións, que se desenvolven desde o luns na capital mauritana, rompéronse polas discrepancias sobre a compensación económica que debe pagar a UE a Mauritania, polo que, no caso de que non se chegue a un acercamento, o acordo expirará a finais de xullo de 2012. “A oferta europea está moi por debaixo das nosas expectativas”, dixo o ministro de Pesca mauritano, quen confirmou que as partes chegaron a firmar un acordo sobre os aspectos técnicos, como o desembarque das capturas, que deberán facerse en portos mauritáns, o compromiso de entregar un 2% de todas as capturas peláxicas e a obrigaón dos barcos de enrolar a un 60% de mariñeiros mauritáns.

...


Por outra parte, a ministra de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño anunciou onte en Bruxelas que pedirá á UE que compense os danos que causará nos arredor de setenta buques andaluces e canarios que faenan en augas do Sáhara o veto do Europarlamento á prórroga do acordo de pesca con Marrocos. ... Segundo a ministra, as perdas ocasionadas aos armadores e aos pesacadores pola decisión da Eurocámara poden ascender a “máis de 30 millóns de euros” que a UE “debería aumir integramente”.

Reelaborado, La Voz de Galicia, 16 de decembro de 2011


2.- Os problemas demográficos

- A poboación ocupada é escasa, pouco máis de 33500 en 2014 (50500 no 2008), ademais atópase envellecida e ten escasa formación.

Para facer fronte a estes problemas é necesario fomentando o mantemento do emprego mediante a mellora da competitividade, a diversificación do sector, para axudar aos novos pescadores concédense axudas para comprar o seu primeiro barco, ademais búscase mellorar a formación profesional e crear novas titulacións.



O desenvolvemento de novas técnicas de pesca e a mecanización de moitos procesos industriais (barcos factoría) fan que as necesidades de man de obra sexan menores, o que ocasiona paro no sector.




3.- Os problemas económicos

a) **A modernización e a competitividade pesqueira son insuficientes** para asegurarlles unha renda adecuada aos pescadores. As medidas para facerlle fronte a este problema son:


- **A reestruturación da frota pesqueira, que ten un tamaño excesivo** en relación coas posibilidades de pesca e unha elevada idade media.

Ata a segunda metade da década dos 70 medrou moito polo aumento da demanda de peixe (derivada da mellora do nivel de vida), o baixo prezo do combustible , o libre acceso aos caladoiros de terceiros países... pero a crise do petróleo de 1975, a dificultade de acceder aos caladoiros internacionais tras a implantación das ZEE desde 1982, a sobreexplotación dos caladoiros nacionais ...fixeron **que o tamaño da frota resultase ser excesivo en relación coas posibilidades de pesca.**



Tras a entrada na CE iniciouse unha reconversión do sector:

- A **redución do tamaño da frota pesqueira** realizouse mediante prexubilacións, despezamentos de barcos, retiradas permanentes ou temporais da pesca (establecemento de cotas de pesca para as especies en perigo de esgotamento ou paros biolóxicos para permitir a súa recuperación), exportación de buques ou dedicación destes a actividades diferentes da pesca, traspaso de barcos a sociedades pesqueiras mixtas en terceiros países...
- A **renovación e modernización da frota** contou con fondos europeos, pero desde 2004 suprimíronse as axudas á construción de barcos e ao despezamento desde 2013. A cosntrucción de novos buques de pesca ou a modernización dos existentes que incremente a capacidade pesqueira acompañese esixe ir acompañada dunha baixa equivalente doutros buques.




España perderá 25 barcos da súa frota de altura en tres anos.

Galicia despejará 4 nos seus portos e varios máis con base en Canarias.

Desde agora e ata o 2013 a frota de altura española podería perder entre 20 e 25 buques. O faría acolléndose ás axudas do Plan Nacional de Desmantelamento que, cunha dotación de 28 millóns de euros, aprobou onte a conferencia sectorial de Pesca, reunida no ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (MARM).

Reelaborado, La Voz de Galicia, 18 - 10 - 2011



O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete, defendeu este luns ante os seus colegas europeos en Luxemburgo que **se manteñan as axudas ao despezamento e modernización da frota** no novo “Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro” (FEMP), que terá unha dotación de 6500 millóns de euros, ao tempo que advertiu de que a reforma da Política Pesqueira Común (PPC) non só debe protexer os recursos, senón tamén garantir "a sostibilidade socioeconómica".

Reelaborado, farodevigo.es, 22 - 10 - 2012



2014-2020

**Fondo Europeo
Marítimo y de Pesca
(FEMP)
2014 - 2020**



*Barcos abandonados na
Dársena de A Coruña, á
espera de despezamento.*

● **A transferencia de tecnoloxía, coñecemento e innovación.** Trátase de incrementar o valor engadido mediante o aumento da calidade (marcas de calidade e normalización dos produtos pesqueiros adaptándoos a determinadas normas de tamaño, peso, calidade...). Fomentar o consumo de peixe entre novos sectores (escolares e inmigrantes) e xeneralizar as TIC por parte das empresas pesqueiras, para modernizar as técnicas de detección dos bancos de pesca para poder identificar as especies e proceder a unha captura selectiva, fomentar a investigación para a implantación de novos cultivos mariños ...



● A **diminución dos custos de produción** mediante un mellor aproveitamento dos recursos como a nerxía. E mediante a redución da dependencia da industria transformadora e do mercado, dado que xeralmente o papel dos pescadores remata coa venda dos produtos na lonxa, onde son adquiridas por almacenistas que os redistribúen. Par iso promóvense as cooperativas pesqueiras.



Pescado fresco de máquina

A primeira máquina expendedora de produtos do mar frescos, instalada no mercado de Elviña, gaña adeptos entre os clientes limitados de horario - Permite comprar ata as oito de la tarde ao mesmo prezo que no ofertado no mostrador.

La Opinión, A Coruña, 14-4-2017



El Pescado No es Caro.com é un portal de venda de pescado e marisco a domicilio coa mellor relación calidade-prezo do mercado debido, en gran parte, á ausencia de intermediarios. Unha vez feito o pedido, o produto é entregado no lugar desexado en só 24 horas.



Jorge Valero Naturista
PESCADO AZUL
CARNE NEGRA O ROJA

Anchoveta 
Bonito 
Trucha 
Atun 

Los pescados azules como la anchoveta, bonito y trucha tienen mayor aporte calórico porque contienen más grasa omega 3
www.jorgevaleranaturista.com

PRODUCTO SALMÓN		PESO 5 kg	EXPEDIDOR LA PESCA
NOMBRE CIENTÍFICO ONIS SALMO			DOMICILIO C/ DEL PESCADOR R.S.I.:83832
PAIS DE ORIGEN ESPAÑA	CALIBRE 4	FRESCURA E (A) B	FECHA OCT. 2004
	OBTENCIÓN ACUICULTURA	PRESENTACIÓN C/5	
PRECIO 35 € Ptas//Kg		7,00 €/Kg	

c) É necesario adoptar as normas de seguridade, sanidade e benestar animal establecidas pola UE: implantando a trazabilidade, coa correcta etiquetaxe, controlar a contaminación e enfermidades dos peixes, mellorar o benestar animal nas súas instalacións... Ademais é necesario cumprir coas esixencias de calidade da demanda.



4.- Os problemas sociais

Moitas zonas pesqueiras están afectadas pola reconversión do sector, polo que é necesario emprender medidas que melloren o seu nivel de vida:

- **Conceden axudas para revalorizar a pesca**, mellorando as infraestruturas pesqueiras, diversificando o sector e fomentando a acuicultura, concedendo axudas para o mantemento da pesca artesanal...
- **A creación de emprego estable e seguro** mediante a dotación de infraestruturas que permitan a implantación doutras actividades; apoio á creación de empresas de mozos e mulleres; a reconversión profesional dos pescadores; e as axudas para mellorar as condicións de seguridade, traballo, e hixiene a bordo.



Guía de apoyo a la I+D+i
y la mejora de la competitividad
en el Sector Pesquero y Acuícola



5.- Os problemas ambientais

A actividade pesqueira da lugar a importantes alteracións ambientais:

- A **sobreexplotación** dos recursos (exceso de capturas, artes de pesca indiscriminada...) que é necesario corrixir (repopoando caladoiros, prohibición de pescar tallas mínimas, establecemento de cotas e paros biolóxicos, prohibición de determinadas artes de pesca...) Incremento da vixilancia, repoboación e protección dos caladoiros, colaboración dos pescadores no coidado mariño...
- A **contaminación** débese ao tráfico marítimo, ás verteduras de combustibles e outros residuos. Será necesario implantar novos motores menos contaminantes e máis eficientes, evitar as verteduras, rexenerar as zonas degradadas, crear reservas mariñas que permitan recuperar as especies de interese pesqueiro....



¿Cuánto Tiempo Tardan en Desaparecer?

Tiempo Estimado de Descomposición de Productos Comunes en el Mar



Estimated individual item timelines depend on product composition and environmental conditions.

Source: NOAA (National Oceanic and Atmospheric Administration) (1) / World Wide Fund for Nature (WWF) / Graphics: Oliver Loh / Museum für Gestaltung Zürich, 2016


F.- A ACUICULTURA


España reúne condiciones favorables para a **acuicultura***: costas longas e de características diferentes que permiten criar especies variadas.

Pode diferenciarse entre a acuicultura mariña e continental...



Distribución da producción acuícola por CC.AA. - 2006





Leyenda:

- | | |
|-----------|-----------------------|
| MEJILLÓN | DORADA |
| | |
| LUBINA | RODABALLO |
| | |
| ATÚN ROJO | ALMEJAS |
| | |
| CORYVINA | LENGUADO |
| | |
| BESUGO | CAMARONES LANGOSTINOS |
| | |
| TRUCHA | ANGUILA |
| | |
| ESTURIÓN | |
| | |
| TENCA | SALMÓN |
| | |

Fuente: Folleto "Acuicultura garantía de futuro"
 Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente
 Junta Nacional Asesora de Cultivos Marinos JACUMAR
 Edición: Sonia.G.Ausín Periodistas en Español.

Planta de investigación en acuicultura de algas, Santander

